


# Álvaro e Álvaro



Título: Álvaro e Álvaro  
Autor: Xosé Miranda  
Ilustrador: Patricia Castelao  
Editorial: Xerais  
Colección: Merlín  
Nº páxinas: 64  
ISBN: 84-9782-214-5  
Idade: De 9 anos en diante

**XER AIS**



# o autor

## Xosé Miranda

Xosé Miranda naceu en Lugo no ano 1955.

É licenciado en Bioloxía e traballa como profesor no Instituto Xoán Montes de Lugo.

Especialista na reelaboración da literatura oral, leva tempo traballando na recuperación da literatura popular galega de tradición oral.

Escritor de múltiples rexistros, foi recoñecido con importantes premios como o premio Merlín ou o Xerais.

É coautor da colección *Cabalo buligán* que leva recollidos e reescritos –dende a tradición oral– vinte volumes de contos. Ademais, publicou *Pequena mitoloxía de Galicia*, *Diccionario dos seres míticos galegos*, *Cando os animais falaban*, *Antoloxía do conto galego de tradición oral* e *Arrepiños e outros medos*.

Dentro da literatura infantil tamén ten publicados *O coello Federico*, *Feitizo* e as novelas xuvenís *Ariadna* e *Pel de lobo* (premio Merlín 2002).

Autoridade en tradición popular.

# a ilustradora

## Patricia Castelao

Patricia Castelao naceu en Santiago de Compostela no ano 1974.

Cursou estudos de medicina, pero abandonounos para dedicarse a traballar na animación en 3D e na ilustración. Está considerada como unha das revelacións da nova ilustración galega.

O seu primeiro libro ilustrado foi *Contos prodixiosos, I* da Colección *Cabalo Buligán*, da que é coautor tamén Xosé Miranda.

As deste volume son unhas atractivas ilustracións nas que se xoga con puntos de vista atrevidos e unha boa dose de humor, sempre contando coa intelixencia do lector.

## o libro

Álvaro é un neno moi fraco. Leva o pelo curto e usa lentes, aínda que a súa característica máis salientable é ser despistado. Todo isto sábeo ben o narrador desta historia, un trasno que di coñecer a Álvaro dende fai algúns anos e que, ademais, asegura que todas as cousas que lle pasaron nesta aventura son verdade da boa porque el estaba alí.

Resulta que Álvaro foi de excursión co colexio ás Covas do rei Cintolo, en Mondoñedo; alí, nun despiste, acabou perdido do resto do grupo. O peor foi que levou un bo trompazo na cabeza e, cando conseguiu reaccionar, descubriu que ao seu lado había un neno cuspidiño a el que deseguida fuxiu e atopou aos compañeiros, subiu ao autobús e marchou para a casa da familia de Álvaro; e todo isto, sen que ninguén notase o cambio. Mentres tanto, o verdadeiro Álvaro pasaba frío e fame na cova ata que deu coa saída e intentou buscar axuda. Pero claro, cando chamou ao colexio e aos seus pais, soubo que ninguén o botara en falta porque o seu posto xa estaba ocupado polo seu dobre.

Ao verdadeiro Álvaro ninguén o cre, agás a súa irmá Carmiña, que desconfía do comportamento do outro Álvaro. Coa colaboración do doutor Amancio Amigo conseguirán que todo volva á normalidade.

Unha historia inesquecible, narrada con grande sinxeleza e moito humor.

# temas e valores




## **A fantasía e a tradición**

Esta é unha historia fantástica na que a tradición ten un papel moi importante, pois o imaxinario parte dos seres míticos da nosa tradición.



## **Unha historia fantástica nun lugar real**

A aparición, no relato, de lugares coñecidos, fai que nos situemos nun campo especial da imaxinación, que pode achegarse máis ou menos ao realismo máximo.



## **A alianza do mundo máxico co mundo da infancia**

Aos pequenos pásanlles cousas tan raras como que, de súpeto, unha parte da súa substancia anímica se arrede deles e sexa apoderada polo Diaño Bulreiro que lles rouba a imaxe... pero tamén poden contar con trasnos que lles boten unha man.



## **O xogo ou, máis ben, o medo ante os dobles...**

...ante aqueles que nos poden suplantar quedándose con todo o noso.

# actividades

## Antes da lectura

---

- Anticipar o argumento do libro en base ao título e á información que aparece nas capas.
- Crear unha historia observando só as ilustracións.
- Os títulos dos libros. Este pode lembrarnos un de Fina Casalderrey que se chama *Eu son eu*. Vede se teñen algo en común.
- Falar do autor, doutras obras que leramos del, doutros libros que hai na biblioteca...
- Inventa un *slogan* para unha campaña de animación á lectura na que o cartel poida ser o debuxo da portada.

## Ao longo da lectura

---

- Busquemos a descrición de Álvaro ou redactémola nós.
- Dise de Álvaro: «Debe ser que saíu ao pai, que cando estaba nunhas escaleiras mecánicas nunca sabía se subían ou baixaban». Isto pode lembrarnos algo que seica se di dos galegos en relación ás escaleiras. Indagade de que se trata.
- Vaíamos contestando:
  - ¿Quen é o narrador?
  - ¿Que nomes de trasnos aparecen no texto?
  - ¿Quen pode ver os trasnos?
  - ¿Por que na páxina 31 aparece etcétera despois de Consellería de Familia?
  - ¿Cantos anos tiña, daquela, Álvaro?
  - ¿Cal será a diferenza entre as verdades verdadeiras e as verdades falsificadas, das que se fala na páxina 6?
  - ¿Cal é, para vós, a diferenza entre un bruxo e un sabio?
- Pensemos se algunha vez nos atopamos cunha verdade mentireira, comentémola e vexamos maneiras de sacalas da circulación como as moedas falsas. Por certo, ¿que facemos cando atopamos unha moeda ou un billete falso?
- Observemos cada unha das ilustracións; tamén as que van na cabeza de cada páxina. Descubramos que momento da narración representan e tamén se achegan datos que non aparecían no relato. Elixamos a que máis nos guste e expliquemos a elección.
- Xoguemos a confundir as letras como Álvaro facía de pequeno. Realicemos pequenos textos nos que outros terán que descifrar a letra que está agachada detrás da que vemos.

# actividades

- Organizados por equipos, iremos recollendo información sobre todo aquilo que nos parece que ten interese e apareza recollido na novela:
  - As Covas do rei Cintolo;
  - O Castro de Viladonga;
  - Espeleoloxía;
  - Mondoñedo;
  - A Coruña;
  - Hércules;
  - Sir John Moore...
- Conforme imos lendo atopamos palabras difíciles. Unhas veces adiviñamos o significado polo contexto, pero outras necesitamos axuda doutros compañeiros, profesoras ou do dicionario. O bo sería que poidesemos ir incorporando todas esas palabras novas ao noso vocabulario, que as aprendesemos. Inventemos algún xogo que nos facilite o seu uso.
- No obradoiro do doutor Amancio Amigo hai unha cadela de metal chamada Laica e un porco transxénico chamado Babe. Busquémoslle a explicación a estes nomes.
- O doutor deulle a Álvaro unhas gafas dobraesquinas. Se nos poñemos a inventar tipos de gafas, seguro que nós tampouco quedamos atrás. Fagámolo e, ao final, poderemos realizar un catálogo de «gafas imposibles» entre todos e con todas.
- Na páxina 47 explícase o significado da palabra *Filadelfia*. Podemos buscar un dicionario de nomes no que buscar para informarnos do que significan os nosos.
- Todos coñecemos algunha vez algún despistado ou despistada e, seguramente, lembremos algunha anécdota desas que só lles poden pasar a eles. Redactémola.
- Intercambiemos toda a información que teñamos sobre os seres imaxinarios como os trasnos, demos... Logo, podemos distribuírnos por equipos e cada un deles completará a información sobre o tipo de seres que lle correspondesen.
- Escribamos un relato no que os protagonistas sexan dous xemelgos.
- Podemos xogar a buscar diferentes recursos literarios que seguramente ten o texto como comparacións, onomatopeas...
- Busquemos a descrición do doutor Amancio Amigo, leámoslla aos demais e observemos se o debuxo lle fai xustiza.
- Expliquemos que é «un día non lectivo», «ir a paso de boi», «fuxir a lume de carozo», «ter cara de fame», «caer aos rebolos»; que é un «proxenitor», un «centro de acollida»...
- Busquemos os nomes cos que o narrador se refire ao outro Álvaro.
- Investiguemos que significa ser «transxénico».


# actividades

- Na páxina 52 aparece a tarxeta do doutor. Deseñemos cada un a nosa. Farémolo de maneira que, ademais de levar os noso datos, resulte bonita.

## Despois da lectura

---

- Despois da lectura de cada un dos capítulos tentaremos titularlos de novo.
- Busquemos outro título para esta novela. Lembremos que ha de ser mellor aínda que este.
- Pasemos o relato a cómic elixindo aqueles momentos que nos resulten máis interesantes.
- Poñámonos no caso de Álvaro: imaxinemos que un dobre, a nosa imaxe no espello, ou a propia sombra nos suplantara e escribamos esa historia en primeira persoa.
- O relato está contado cun certo ton de humor. Citemos algún detalle que nos fixese rir. Tamén podemos buscar outros nos que o autor vos fai chiscadela, contando con informacións que compartimos como, por exemplo, cando explica que *Philadelphia* se le *Filadelfia* e engade «coma os queixos».
- Falemos de clonación e imaxinemos un pequeno relato de ciencia ficción.
- Fagamos unha posta en común para pescudar que sabemos –entre todos– de diaños, que contos coñecemos nos que estes aparezan, etc. Logo fagamos o mesmo cos trasnos.
- Busquemos, na biblioteca, libros con imaxes de trasnos e diaños. Realicemos unha pequena exposición con elas.
- Agora podemos imaxinar e describir ao narrador, incluso debuxalo.
- Podemos escribir un pequeno texto que leve por título \_\_\_\_\_ é \_\_\_\_\_. Ocuparemos o espazo en branco co noso nome.
- Busquemos no *Diccionario dos seres míticos galegos* e na *Pequena mitoloxía de Galicia* datos sobre trasnos e diaños.
- Escribamos historias nas que interveña algún deses seres míticos.
- Lembremos historias de «parecidos»; quen se parece a quen, a quen se asemella cada un de nós...
- Localicemos, na biblioteca, outros libros deste autor. Expoñámoslos e aproveitemos para ler aqueles que nos interesen.



**Pedidos a:**

**Comercial Grupo Anaya  
Polígono de Bergondo  
1ª Travesía - Parcela B1  
15.165 Bergondo (A Coruña)  
Telf.: 981 795 656 / Fax: 981 795 660**

**XERAIS**

**Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo  
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo  
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80  
Telefax: (986) 20 13 66  
Correo electrónico: xerais@xerais.es  
<http://www.xerais.es/>**

**EDICIÓN XERAIS DE GALICIA**



© Pilar Sampedro Martínez, 2005  
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2005  
Depósito legal: VG. 1281-2005